ESCALETA 1

TÍTULO	Esas voces que resoan	
MÚSICA/EFECTO	LOCUTOR/A	TEXTO
Xota foxado (5 segundos)		
Entra ruído de cole	Daniella Ainara Andrea	Benvidos e benvidas a... Esas voces que resoan. Un teatro radifónico baseado en feitos reiais. Aquí en San Xoán nas ondas. A radio escolar do S. Xoán de Filgueira.
Efecto ruído de cole (3-4 segundos) (Yaiza, Maylen, Kaori, Elián) Efecto apertura porta (Rubén e José Izan)		
	Maylen Daniella Kaori Yaiza (todos)	Pero que pasou aquí? Xoaniñaaa!! Noooo!! Sandra, Sandra!! Profe, veeeeen!! (rebumbio entre todos)
	Profe Sandra	Pero que pasa, que son eses berros?
	Maylen Zaira Rubén José Izan	A xoaniña está tirada no chan! Non se move! Non se levanta do chan (rebumbio de todos explicando o mesmo)
	Andrea	Un mes antes...
Cortinilla (Elián) (case ao mesmo tempo que Andrea)		
	Andrea	Xoaniña é un reirei que vive na biblioteca.É moi animada, sempre anda argallando cousas e de vez en cando fai algunha trasnada.
Efecto colocación libros (Rubén, José Izan) (10 segundos, ata que acabe de falar Ainara)		

ESCALETA 2

TÍTULO	Esas voces que resoan	
MÚSICA/EFECTO	LOCUTOR/A	TEXTO
	Ainara	Uf! Canto traballo isto de andar cargando libros é moi cansado!!
	Andrea	De repente, no fondo dun armario apareceron dous libros enooormes.
	Ainara	Que raro!! e isto que é?? Mira que hai cousas gardadas aquí!
	Andrea	A xoaniña gabeou ata o andel e con moitísimo esforzo
	Ainara voz de esforzo (mentras Andrea fala). Andrea	E con moitísimo esforzo subiu aquela torre de libros gordos.
Efecto chegar ao andel José Izan e Elián		
	Ainara	Cancioneiro Popular Galego. Pero que é isto?? que raro!! Será mellor que os tiremos e deixemos sitio para outros libros novos.
	Andrea	De repente a xoaniña escoitou unha voz baixiña moi cerca dela.
	María, María, Esther, Silvia.	Rei rei cantos anos durarei, 25 non o sei.. 1,2,3,4,5,e 6.
	Ainara	Quen me chama?? De onde vén esa voz? Olaaaa! quen me chama?

ESCALETA 3

TÍTULO	Esas voces que resoan	
MÚSICA/EFECTO	LOCUTOR/A	TEXTO
	Andrea	A xoaniña con precaución achegou unha antena á tapa gorda e dura daquel libro.
	María, María, Esther, Silvia	E logo esta que di de tirar?? Era o que faltaba, si home, levamos aquí anos e anos!! (seguen protestando).
	Ainara	Que barullo!! Ui ui ui...que cousa tan rara!!
	Andrea	A xoaniña decidida empuxou con moitísima forza e....
Efecto apertura libro	Ainara José Izan, Elián, Rubén, Maylen.	(voz de esforzo)
	Maria, María, Silvia, Esther	Ai por fiiiiiiiin!! Veña rapazas que hoxe hai foliada!! Lumeeeee!! (aturuxos e pandeiretas).
	Ainara	Aaaaaaaa pero que pasou aquí!!! Pero quen sodes vós? de onde saístes?
	María, María, Esther	Que quen somos di esta!! E quen vamos ser! As voces do saber popular
	Esther	Eu son Rosa e esta é Dolfina
	Xoán, Manolo, Adriana, Vanesa, María, Carlota, MaríaL.,Sandra, Vanesa F.. Esther, María, María, Silvia.	Ola eu son Carmiña de Arzúa, MariPepa de Fontelo, Maruxa de Monfero, Silvestre do Urol... (cada un di o nome e lugar do seu avó ou avoa).

ESCALETA 4

TÍTULO	Esas voces que resoan	
MÚSICA/EFECTO	LOCUTOR/A	TEXTO
	Ainara	Caraaamba, canta xente hai aquí dentro! Debedes de ser famosas...
	María	Ai pois algo famosas si que somos eh!
	Esther	E non todo é cantar, o noso saber vai moito máis alá...
	María	Xa verás xa verás como somos súper famosas. Seguro que coñeces algúns dos nosos hits.
	María	Cando chove e máis fai sol...
	Ainara	Vai o demo pa Ferrol
	María	Cando a Candelaria chora...
	Ainara	Metade do inverno vai fóra
	Andrea	Alaa!! Pois era ben certo! Xoaniña si que coñecía aqueles cantares e ditos
	María Esther María	Ai rei rei... as nosas voces xa soan por todo o mundo. Levan resoando hai centos de anos e así seguirán, pasando de man en man, de nais a fillos, de xeración en xeración..
	Ainara	Pero vaia tesouro!!
	Esther	Home! en realidade todos os avós e as avoas o son!

ESCALETA 5

TÍTULO	Esas voces que resoan	
MÚSICA/EFECTO	LOCUTOR/A	TEXTO
	María	Aver, temos contos e contos e un repertorio longuísimo de cantigas!
	María	Fai o café Dolfina, que temos pa un cacho!
	Vanesa	No medio do río hai xarxa, na rodilla fai cordón, amores que non son firmes non se lles presta atención.
	Adriana	O paxaro cando bebe mete a cabeza no lodo, o cariño cando é firme nunca se acaba de todo.
	Andrea	Alí quedou a xoaniña toda a tarde escoitando. Chegou a noite e con ela unha gran foliada
Muiñeira Manuel del Alma	Compoñentes do grupo de pandeireta infantís e adultos.	
	Andrea	A alborada chegou e o sol espertou á xoaniña, que quedara durmida enriba daqueles libros.
Alborada de Rosalía caixa de música 6º		
	Andrea	Xoaniña decidiu sacar os libros do armario e poñelos nun lugar privilexiado, pero…
Efecto caída (José Izan, Andrés, Rubén, Elián)		
	Ainara	Aaaiii que dor de costas!! Non podo moverme…
Efecto cortiniña (Elián)		

ESCALETA 6

TÍTULO	Esas voces que resoan	
MÚSICA/EFECTO	LOCUTOR/A	TEXTO
Efecto voces (José Izan, Kaori, Zaira, Maylen, Andrés, Elián, Rubén)		
José Izan, Kaori, Zaira, Maylen, Andrés, Elián, Rubén		Alaa agora que facemos! A xoaniña!! Que mal.... Sandra que facemos? (seguen sorprendéndose e preguntando cousas improvisadas).
	Daniella	Pois creo que temos que pedirlle axuda ás avoas
	Andrea	Entón de novo, do libro saíron voces embarulladas..
	Carlota	Compañeiras, o reirei precisa axuda!
	Sandra	Quedou preso das costas? Quen sabe algún remedio?
	María L.	Alá no medio do mare, hai unha malva de olor, pena da vida leva o que lle quite a flor.
	Manolo	Dime nena bonita, con que lava-lo pelo? Cunha herba que hai no monte, que lle chaman tromentelo.
	Adriana	Chocolate con leite, café con ruda...
	María P.	Teño unha herba na horta que lle chaman micaela, Micaeliña da ialma dame unha poliña dela.
	Xoán	Meu pai vaime na corte, vaime por el que che pago, traeme a herba cabeira choruma do saramago.
	Vanesa F.	Debaixo da túa porta, dous arboriños prantei, un olivo e un romeiro...
Intro música Foxado	Andrea	Elas son... as voces que resoan

DESCRICIÓN DA EXPERIENCIA

Proxecto no que se inclúe o podcast "Esas voces que resoan"

O podcast "Esas voces que resoan" enmárcase dentro do PDI de centro: "O herbario do San Xoán, cantos contos e moito máis" no que dende o inicio de curso vén participando toda a comunidade educativa nas diferentes actividades propostas.

O PDI pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Manexar algún cancioneiro físico e dixital, así como outros medios de información sobre a tradición oral.
- Valorar a importancia da tradición oral na conservación da lingua e do saber popular e o traballo das mulleres e homes que ao longo do tempo conservaron e trasmitiron estes saberes.
- Coñecer e recoller cantigas, ditos, xogos, rifas tradicionais.. que derivan da tradición oral, especialmente da zona de Ferrolterra.
- Descubrir algunhas plantas que aparecen nos cancioneiros e coplas tradicionais ampliando o noso vocabulario.
- Recoñecer plantas/herbas do entorno.
- Coñecer propiedades curativas e aromáticas dalgunhas herbas e plantas da contorna.
- Coñecer saberes populares na tradición oral doutros países e da etnia xitana, especialemente no relacionado coa natureza, herbas e plantas.
- Realizar na horta escolar sementeiras, plantacións e seguemento das diferentes herbas e plantas que se desprenden da tradición oral coñecendo as súas propiedades.

As actividades planificadas no proxecto, abranguen a totalidade das áreas do curriculum e son traballadas de maneira transversal en todas as materias, recaendo maior peso nas de lingua galega, lingua castelá, ciencias naturais e música e danza e compleméntanse éstas coas propostas artísticas e naturais que se achegan dende o equipo de dinamización da biblioteca, do de dinamización a lingua galega, do de aula da natureza e dende a aula e música como o coro escolar, o grupo de cantareiras e as "brigadas verdes", actividades complementarias que se realizan semanalmente.

Contamos ademais con dúas horas semanais de adicación ao mesmo, no que o alumnado traballa de de xeito internivelado. Por unha parte mestúrase o alumnado de 1º, 2º, e 3º en pequenos grupos internivel (aprox. seis persoas) e por outra parte, sucede o mesmo co alumnado de 4º, 5º, e 6º.

Neste horario o alumnado repártese pola biblioteca do centro e realiza diferentes actividades de diversa tipoloxía (investigación, afianzamento, exploración, creación de materiais, produción audiovisual...) en relación ao proxecto e aos intereses que foran derivando do mesmo.

Fotos da actividade inicial do proxecto



Neste enlace podedes ver a publicación nas redes:
https://www.instagram.com/p/DBOk3vMA-so/?igsh=aGh3Y3VhNGw1cnk2

Así comezou todo

Xa co PDI en pleno funcionamento, tras unha das súas visitas para ver como ía Xoaniña, o alumnado de segundo descubriu uns libros enormes cheos de letras. Estabamos convencidos de que eses libros tan pesados eran os que a xoaniña citaba na súa carta.
Comezamos a ler algúns dos seus poemas e dímonos conta de que algúns deses cantares tamén os sabían as nosas avoas na casa e que aparecían moitas plantas, herbas, froitos.. Había algúns de amor, e outros que cos que nos partimos de risa.

Decidimos seleccionar algúns. Non só dos que estaban alí, senón tamén outros que apredemos na clase de música e algúns que as avoas nos ensinaron.

Na materia de música comezamos a imaxinar que lle puido pasar ao reirei e rapidamente fiamos unha historia, coa axuda da nosa titora.

Xa cun guión máis ou menos esbozado comezamos a repartir papeis. Algúns serían "actores e actrices" e outros encargaríanse da parte técnica (os efectos de son, a gravación, as fotos...).
Mentras uns traballamos a entoación e a dramatización coa voz, outros investigaban o son de diferentes materiais e seleccionaban os mellores para a realización dos efectos de son.

Contextualización do podcast "Esas voces que resoan"

No noso podcast interprétase un teatro radiofónico no que se representa o inicio do PDI de centro:
O alumnado ao chegar á biblioteca descobre que Xoaniña, un reirei que vive e axuda na escola, está tirada no chan rodeada de libros desordenados e sen poder moverse. Vese que está moi enferma e precisa un remedio con urxencia. Non sabemos como nin cando lle sucedeu isto…
É entón cando un efecto de son nos leva ao pasado onde a narradora vai contado o que verdadeiramente lle pasou ao reirei.
Unha vez descuberto, o mesmo efecto sonoro nos devolve ao momento actual, onde os nenos e nenas seguen tentando entender que pasou alí e deciden buscar unha solución para Xoaniña. É entón cando algo ou alguén inspira a unha das rapazas e dela nace unha idea!: pedir axuda ás avoas, porque elas son verdadeiramente as que máis saben do mundo.

Ao longo do podcast conversamos con esas voces cheas de sabedoría e de experiencia. Son voces que resoan na nosa historia e que sen sabelo están dentro de nós. A través das poesías, das cantigas, dos contos e dos ditos dámonos conta que estamos ante un auténtico tesouro que non pode quedar agochado: o tesouro da nosa tradición oral.

- Descrición da actividade inicial e arranque do proxecto.

No mes de outubro, alumnado (que aínda non visitara a biblioteca) recibe unha misteriosa carta de Xoaniña, onde moi aflixida lles pide axuda xa que se atopa enferma cunha forte dor de costas despois de cargar con numerosos libros ao longo do verán. Ela explícanos que atopou uns libros gordos nos que había moitísima sabedoria e que alí se atopa a solución para a súa doenza, sabe que é unha planta a que a pode axudar e que a sabedoría das avoas é importantísima para curala.
Coa carta, aparecen tarxetas misteriosas co que parecen ser as siluetas dunhas plantas. Cada un deles colle unha (algunhas están repetidas).
O alumnado, inmediatamente corre á biblioteca para ver cal é a situación e ve á xoaniña tirada cun montón de libros desordenados. Non só iso, senón que polos corredores hai moitísimas tarxetas con siluetas de diferentes plantas, árbores, herbas.. todo está patas arriba.

Sendo conscientes da gravidade do asunto, realizan unha busca na biblioteca para atopar tarxetas coa imaxe que corresponde a esas sombras e poder iniciar unha investigación a fondo e dar coa cura da xoaniña. Nesta busca tamén descubren os cancioneiros, que comezarán a manexar paulatinamente dende a aula de música. Unha vez atopadas as plantas que corresponden á súa sombra, quedan conformados os equipos e comeza o proxecto.
Co alumnado de 4º, 5º, e 6º adáptase esta actividade, tendo que buscar directamente nos cancioneiros e outros materiais (audiolibros, etc.) as cantigas que citen algunha planta, árbore, etc.

Precisabamos axuda dalgúns compañeiros e compañeiras doutros cursos do grupo de pandereteira, para que viñeran tocar e cantar e gravar unha foliada. Aproveitamos que o alumnado de sexto estaba creando melodías tradicionais nunha caixiña de música, para que colaborasen con nós aportando unha destas pezas. Tamén pedimos axuda ás mestras, ao conserxe, ás familias... para que interpretara as voces das avoas e os avós.

En canto á música que sona no podcast, precisamos a axuda da nosa mestra que interpretou co acordeón unha peza tradicional: a "Xota de Foxado".
A melodía que sona na caixa de música é a Alborada de Rosalía e está feita polo alumnado de sexto.
A cantigas que aparecen son tradicionais e están interpretadas polos grupos de cantareiras da escola (nais e alumnado).
Todos os efectos que se escoitan están feitos de maneira auténtica e artesá polas nosas voces e as nosas mans.

Actividades específicas realizadas que incidiron directamente na gravación do podcast:

- Investigación sobre cantigas tradicionais,ditos, refrans, etc. que as avoas podían saber.
- Obradoiro sobre as recollidas de campo con Mari Luz Lorenzo e a danza de aros de Cedeira.
- Consulta e familiarización cos cancioneiros tradicionais galegos.
- Busca na rede (fundación Barrié, APOI, etc.) con axuda, das voces reais deses cantares que aparecían nos cancioneiros.
- Visualización de videos das recollidas de campo pola contorna realizadas hai anos pola mestra de música.
- Aprendizaxe de cantares tradicionais e xogos de rifar (rei-rei, mázateme nata, pola unha media lúa, dedín dedín... e moitos máis) para a conformación final dun cancioneiro do San Xoán.
- Recompilación de ditos e refráns de diferentes estacións do ano e cantares relacionados coa natureza en diferentes épocas do ano.
- Ilustración de ditos tradicionais e exposición dos mesmo.
- Recreación da festa da esfolla coa comunidade educativa e con Ana, artesá da folla de maínzo. Aprendizaxe de cantares relacionados co Magosto e a esfolla.
- Investigación de diversas herbas e plantas que aparecían nas cantigas tradicionais.
- Investigación das posibilidades sonoras dalgúns materiais cotiás e creación de efecto sonorospara o podcast.
- Investigación das posibilidades teatrais coa nosa voz. A entoación.
- Creación dos grupos de pandereteitas onde está implicada toda a comunidade educativa.
- Análise simple da sociedade do momento a través de algúns cantares que íamos coñecendo, como por exemplo "A saia da Carolina".

Enlace ao vídeo: Como se creou "Esas voces que resoan"

https://drive.google.com/drive/folders/1AQ8l9t2ke1t9fINHktpnVDzSnRu6CslM?usp=sharing

Actividades desenvolvidas ao longo do proxecto

- Creación dun grupo de cantareiras: Dende inicio de curso todos os luns, 20 minutos despois do recreo o alumnado que quere asistir a este obradoiro xuntáse coa mestra de música e aprenden a tocar a pandeireta e as cantigas tradicionais. Asisten voluntariamente máis de 30 nenos e nenas.
- Creación dun grupo de cantareiras para familais e comunidade educativa: Este obradoiro ten lugar todos os luns de 16:00 a 17:00h. a el asisten nais, pais, profes e alumnado. Polo momento ten moi boa acollida e está formado por máis de 10 persoas e con posibilidade de apertura doutro grupo de baile tradicional.
- Investigación de lendas tradicionais galegas e teatralización das mesmas. Representación para todo o alumnado en "Contos a carón do lume".
- Realización do podcast "Contos de vellos" coa participación das familias na radio escolar na que se recollen e mesturan contos da tradición oral con situacións verdadeiras que lles sucederon ás nosas familias e profesorado.
- Creación de poesías en forma de conxuro para o Samaín. Incluíndo as plantas que aparecen nalgunhas cantigas tradicionais e outras que están recollidas nos cancioneiros.
- Gravación do podcast "Conxuros de Samaín" onde se pon en común o traballo de cada grupo.
- Gravación da representación teatral na biblioteca de "Conxuros de Samaín".
- Recreación da festa da esfolla coas Lolas da Cascarilla. Onde aprendimos a elaborar bonecas coas follas do maínzo, cantares nos que aparecía a esfolla, e remedios coa barba do maínzo.
- Aprendizaxe de diferentes cantares tradicionais e populares para cada mes do ano.
- Recompilación de refráns e ditos ao longo do ano, ilustración e exposición dos mesmos.
- Realización dun calendario de tempada, con froitos e verduras propias de cada mes e estación.
- Gravación do podcast "Este ano moito mola, cantas cousas sabe a avoa!!".
- Realización dun calendario "que fala" do 2025 onde cada mes se pode escoitar un capítulo do podcast "Este ano moito mola, cantas cousas sabe a avoa!.
- Obradoiro con Cristina sobre a elaboración de velas e ambientadores sólidos con plantas aromáticas que aparecen na tradición oral. Engadimos etiquetas coas cantigas nas que aparecen estas plantas.
- Obradoiro coas familias de sacos aromáticos con plantas aromáticas que aparecen na tradición oral e que investigadas polo alumnado. Engadimos etiquetas coas cantigas nas que aparecen estas plantas.
- Tradición e entroido. Representamos o folión e elaboramos poesías para pedir o paso e deixar pasar.
- Obradoiro de baile tradicional con MariLuz Lorenzo, persoa que adicou a súa vida á recolla de bailes e cantares tradicionais. Aprendimos a danza de aros de Cedeira e a muiñeira "Eu quero bailar" recollida en Virizo (Cedeira) á Señora Antonia de Hermida.
- Obradoiro de receitas curativas con Begoña, especialista en plantas naturais da nosa contorna.
- Obradoiro de identificación de plantas naturais no entorno, con Begoña.
- Charla con Pepe, un dos nosos veciños máis maiores, que nos levou á súa leira e nos explicou algunhas das plantas que ten alí. Para que serven e como as empregaba el de pequeno.

- Obradoiro de Fotografía Natural Artística con Carlos. Recompilación das plantas investigadas que aparecen na tradición oral e realización de sesións de fotografía artísica coa luz.
- Obradoiros de poesía en lingua galega para o alumado de 5º e 6º.
- Obradoiro de busca e selección de cantigas tradicionais galegas (4 versos) sobre diferentes temáticas para a creación de postais sonoras.
- Localización e sinalización nun mapa da contorna onde se atopan as diferentes herbas aromáticas e curativas que se recollen na tradición oral. Área de matemáticas.
- Laboratorio sensorial con herbas aromáticas traballadas en educación infantil (fiuncho, menta..)
- Elaboración de vasoiras con xesta en Educación Infantil.
- Investigación e gravación audiovisual sobre as festas tradicionais galegas realizadas na escola.
- Obradoiro collar de zonchos con fiuncho.
- Obradoiro de cociña en Educación Infantil.

Actividades planificadas que se desenvolverán nos próximos meses:

- Obradoiro de brinquedos con elementos naturais con Antón Cortizas (21 de marzo).
- Obradoiro de xogos e poesía tradicional con Antón Cortizas (abril)
- Obradoiro sobre a tradición oral no barrio de Canido con Ánxela Loureiro (maio).
- Realización da festa dos maios.
- Obradoiro de receitas de cociña coas familias empregando herbas aromáticas da tradición oral.
- Obradoiro das herbas do San Xoán (educación infantil).
- Obradoiro de pandeireta e entrevista a Francisco Fernández, etnógrafo ferrolán que nos ensinará pezas recollidas por el nesta zona.
- Obradoiro de baile galego e entrevista con diversos representantes do folclore en Ferrol e comarca (Etnográfico das Mariñas, Donas e Galáns, Agarimo de Catabois, etc,)
- Obradoiro de construcción de instrumentos tradicionais con canaveiras.
- Exposición das investigacións sobre o proxecto levadas a cabo polo alumnado.
- Presentación dos produtos finais e avaliación do proxecto.